

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO



CEIP CABANAS

SALCEDO- PONTEVEDRA


DECEMBRO 2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 28 xaneiro 2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 28 xaneiro 2020

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**



Organización das  
Nacións Unidas para  
a Educación,  
a Ciencia e a Cultura

Membro de



Escolas  
Asociadas da  
UNESCO

## TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	4
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	6
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	8
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO .	9
6. EXENCIONS .....	9
A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14).....	9
B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS.....	9
C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA) .....	10
7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS. ....	11
8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.....	12
A. COMPOSICIÓN .....	12
B. FUNCIONS .....	12
9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA .....	12
10. AVALIACIÓN.....	16

## 1. INTRODUCCIÓN

No seu artigo 5 o Estatuto de autonomía de Galicia define o galego como a lingua propia de Galicia, que son oficiais os idiomas galego e castelán e que todos e todas teñen dereito a coñecelos e usalos.

De todos e todas é sabido que a lingua é considerada patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección, constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

Dende sempre adquirir dúas linguas a un tempo nunca debeu nin debe presentar un problema, senón todo o contrario, é unha riqueza que de xeito favorable influirá posteriormente na adquisición doutras linguas, velaí o caso dos estados coma o noso, e outros onde se falan hasta 4 linguas, xa que as aprendizaxes transfírense espontaneamente.

O noso proxecto lingüístico ten como finalidade o desenvolvemento da Lei de Normalización lingüística 3/1983 e máis concretamente do Decreto 79/2010, do 20 de maio, onde se regulan as medidas adoptadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

Este proxecto recolle unha análise sociolingüística do centro, atopándonos cun alumnado maioritariamente castelán falante. Partiremos desa realidade para a planificación do noso proxecto lingüístico de centro.

### MARCO LEGAL

O proxecto Lingüístico de centro forma parte do P.E.C. e é redactado por profesorado e equipo directivo, con especial implicación do EDLG, oída a CCP.

Atendendo a Lei 3/1983 do 15 de xuño, garántese a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. No seu artigo 14 establécese como obxectivo principal, que ao remate do ensino obrigatorio o alumnado dispoñan de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

O Plan Xeral de Normalización de lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, establece como obxectivo xeral acadar para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, considerando ao ensino factor fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego.

O decreto 124/2007 do 28 de xuño presentou entre outras a novidade no seu artigo 14, da elaboración do Proxecto Lingüístico de centro, que continúa co decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia que introduce cambios con respecto ao anterior decreto.

## **2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO**

O Ceip de Cabanas é un centro educativo público, de E. Infantil e Primaria situado no concello de Pontevedra, na zona rural da parroquia de Salcedo. O alumnado pertence nun aproximadamente 40% a esta zona rural, e o restante 60 % á zona urbana da cidade de Pontevedra.

Case a totalidade do alumnado chega ao centro falando exclusivamente castelán, lingua habitual nas súas casas ou polo menos habitual cando se dirixen a eles.

Sabido isto, quixemos afondar no coñecemento da realidade lingüística do centro, para o cal enviamos unha enquisa a tódalas familias do alumnado de E. Infantil. Dita enquisa foi elaborada pola *Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística*. (Anexo deste proxecto).

### **ENQUISA FAMILIAS**

Das enquisas realizadas podemos extraer os seguintes datos:

- O 12 % das familias poden considerarse galega falante.
- O 78 % das familias determina aos nenos como castelán falante, si ben desas a metade é totalmente castelán falante (alumnado, pais e nais e avós e avoas) e o outro 50% , aínda que coas crianzas falan castelán , no entorno familiar si se fala galego.

- Maioritariamente consideran importante coñecer as dúas linguas e valoran positivamente que no centro educativo se traballen as dúas linguas.
- Aparecen certos prexuízos con respecto ao uso do galego en certos ámbitos, como por exemplo no ensino das matemáticas en galego.

#### SITUACIÓN DO PROFESORADO

A maior parte do profesorado emprega o castelán en contextos informais, fora da clase. É o idioma empregado habitualmente, aínda que moitos teñan como lingua inicial o galego pero a lingua habitual compartida depende dos contextos.

So un 25 % do profesorado pode considerarse galego falante de forma habitual.

A competencia en galego é case do 100% por parte dos docentes.

#### SITUACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado é maioritariamente castelán falante. Teñen o castelán como lingua inicial e como lingua habitual.

Observase que a competencia en lingua galega mellora na escrita ao finalizar primaria, estando un pouco máis baixo o nivel que o castelán, pero na expresión oral é moito máis baixa.

#### AMBIENTALIDADE LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O uso do galego na documentación administrativa e nas informacións internas do centro é plena. A comunicación co alumnado, coas familias e con outras institucións faise en galego ao 100%.

Aínda que dispomos dun fondo de libros en galego na biblioteca e en tódalas aulas, este non acadará o 50 %, polo que cabe seguir ampliando este material escrito tanto na etapa de E. Infantil coma na Primaria.

Dende hai varios cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, a Hora de Ler: durante 20 minutos tódolos días, practicamos dentro da aula actividades de fomento da lectura, intentamos que a metade destas actividades sexan sobre libros e literatura en galego.

O EDLG leva a cabo dende hai moitos anos unha revista escolar anual, “ALCOUVE” na que se recopilan traballos feitos durante o curso escolar .

Así mesmo o equipo de Biblioteca leva a cabo numerosas actividades de fomento da lectura, nos dous idiomas, como recomendacións, concursos, etc.

A utilización das TICs en galego está presente s blogues de biblioteca, orientación, e algún outro nivel pero non en todos, polo que se deberá mellorar neste aspecto aumentando o uso do galego sempre.

A adquisición de materiais multimedia en galego tamén é unha opción que debemos ter en conta.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

Respondendo a un contorno castelán falante e como pautas para a planificación do noso proxecto lingüístico, centrarémonos en dous obxectivos xerais:

- Que o alumnado aumente a competencia e uso habitual do galego.
- Que acaden unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa.

#### **Para o centro:**

- Continuar empregando o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social; correspondencia, boletíns de notas, comunicados, así coma todo tipo de carteis, letreiros, etc.

#### **Para o profesorado:**

- Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver a súa labor docente en galego.

- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TICs.

#### **Para o alumnado:**

- Conseguir que o galego, como lingua que é, sexa aceptada como unha das manifestacións da súa propia cultura.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, e máis concretamente da zona próxima ao colexio, elementos da paisaxe, riqueza, clima, vexetación, fauna e normas de comportamento que se deben contemplar.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ámbalas dúas linguas, co fin de facilitar e acadar un correcto e eficaz emprego das mesmas.

#### ***Educación Infantil***

- Ir introducindo o galego como lingua vehicular.
- Intentar que os nenos e nenas vaian introducándose nun ambiente galego falante.
- Introducir aos nenos nos contos de tradición oral galegos.
- Ir ampliando ou iniciando o vocabulario en lingua galega.

#### ***Educación Primaria***

- 1º E 2º DE PRIMARIA
  - Expresarse en galego, aínda que sexa con frases curtas.
  - Ir introducindo a lecto-escritura en galego.
  - Ampliar o vocabulario en lingua galega.
  - Coñecer algunhas celebracións tradicionais da nosa cultura
- 3º E 4º DE PRIMARIA
  - Ser quen de expresarse en galego cunha certa fluidez.
  - Ler en galego con fluidez.



- Ampliar o vocabulario en lingua galega.
- Ser quen de facer unha composición escrita sinxela en galego.
- Aprender a valorar a cultura galega
  - 5º E 6º DE PRIMARIA
- Ser quen de manter unha conversa en galego.
- Ler en galego con fluidez.
- Ampliar o vocabulario galego.
- Ser quen de expresarse por escrito con soltura en galego.
- Valorar a cultura galega

#### **4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

- Utilizaranse os textos en galego nas áreas que se impartan nesta lingua. Así como outro tipo de materiais complementarios como fichas, exames, etc
- En todas as aulas haberá un dicionario de galego, así como varios exemplares na biblioteca e en cada titoría. Tamén en cada titoría haberá un exemplar coas novas normas ortográficas do galego. Dicionarios de sinónimos, ou calquera outro material que se considere útil.
- Aumentaranse os volumes de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula.
- As actividades pola Biblioteca escolar, serán nun 50% mínimo en galego (concursos, recomendacións, Clubes de lectura, etc...)
- Aumentarase o material fonográfico e informático en galego.
- Nas áreas impartidas en galego a lingua vehicular será o galego.
- Todos os comunicados e escritos, tanto oficiais como particulares, estarán en galego. Incluídos a páxina web do centro e os diferentes blogues do centro.
- En todas as celebracións tradicionais e festivais, a lingua que se utilice será a galega.
- Todas as programacións escolares estarán en galego.
- Editarase a revista escolar “Alcouve” o último trimestre.

- Fomentarse o estudo de persoeiros galegos, ademais de polas letras galegas, con outras celebracións como a Paz, a ciencia en galego, Dereitos da Infancia, etc..

## 5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMARIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
MATERIA												
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
EF	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
LINGUA CASTELA	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3	I
LIGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
MÚSICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
PLÁSTICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	C	2	C	1	C	1	C	1	C	1	C
LIBRE CONFIGURACIÓN							1	G			1	F
CASTELÁN (%)	40		44		36		36		40		36	
GALEGO (%)	52		48		52		56		48		48	
OUTRAS	8		8		12		12		12		16	

## 6. EXENCIÓNS

### A. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

O procedemento seguirá a lexislación vixente, e ofrecerase á aqueles casos de alumnado de 5º e 6º de E. Primaria, procedentes de fora da Galicia.

O impreso de solicitude pódese descargar dende a páxina web do centro.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcabanassystem/files/EXENCION%20LINGUA%20GALEGA%20edit.pdf>

### B. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

Os recursos necesarios partirán da biblioteca do centro, que como centro de recursos do centro engloba todo o material necesario para acadar un nivel de competencia lingüística en

galego axeitada ao nivel curricular correspondente. Libros de consulta, narrativa, dicionarios, recursos tics.

### **C. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN (PRIMARIA)**

As medidas para que o alumnado poda seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten son as programadas polo profesorado titor. Nos casos nos que estas non acaden os resultados satisfactorios intervirá tamén o Departamento de Orientación.

Teremos como obxectivo básico: *Acadar, reforzar, e perfeccionar a habilidade lectoescritora, mellorando polo tanto a competencia lingüística tanto oral como escrita en galego.*

Secuenciaremos este obxectivo en dous niveis:

#### **1º NIVEL:**

- Linguaxe oral:
  - Articulación e discriminación de tódolos fonemas, sinfóns e palabras.
  - Comprensión do significado de ordes e frases sinxelas
  - Expresión ordeada de oracións axeitadas, participando nas diferentes situación de comunicación.
- Linguaxe escrita:
  - Perfeccionamento da lectura e escritura de sílabas directas
  - Perfeccionamento da lectura e escritura de palabras con grupos consonánticos
  - Ortografía: xeral, signos de puntuación, uso de maiúsculas.

#### **2º NIVEL:**

- Linguaxe oral:
  - Articulación e discriminación de tódolos fonemas, sinfóns e palabras e oracións con coherencia, entoación e ritmo.
  - Comprensión do significado de ordes, mensaxes e textos orais sinxelos.

- Expresión ordeada de oracións axeitadas, participando nas diferentes situación de comunicación.
- Linguaxe escrita:
  - Perfeccionamento da lectura comprensiva: ideas principais, resumos, preguntas.
  - Perfeccionamento da escritura: ortografía, vocabulario, construción de oracións, escritura espontánea de textos.

O tempo da lectura ira enfocado a traballar fundamentalmente a lectura comprensiva, partindo de textos cortos, motivadores e sinxelos, aumentando gradualmente a dificultade dos mesmos.

O traballo de mellora da expresión escrita estará á súa vez dividida en: ortografía, sintaxis, vocabulario e composición escrita libre, para traballar as regras ortográficas básicas, uso do dicionario, corrección sintáctica de oracións...

Para o tratamento da composición escrita as actividades irán enfocadas a potenciar tanto as habilidades lingüísticas como a creatividade.

Utilizaránse recursos tics para acadar e reforzar os contidos traballados.

Ademáis levaránse a cabo actividades encamiñadas ao fomento da expresión oral, como debates, exposición de temas e traballos, dramatizacións, etc.

As propostas serán levadas a cabo dentro da aula ordinaria, en horario de lingua. No caso de ser necesario o Departamento de Orientación tomará a decisión de tomar outras medidas de atención á diversidade, que sexan necesarias en cada caso e segundo os recursos dos que dispoña o centro.

## **7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.**

O profesorado que imparte as diferentes linguas, manterá as reunións de coordinación que a lexislación estipule e todas aquelas que se considere necesario para que o alumnado dos diferentes cursos acade un nivel óptimo na competencia lingüística.

## **8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA**

### **A. COMPOSICIÓN**

Durante o presente curso escolar 2019-2020 as componentes do EDLG son:

Dna. MARIA SANCHEZ, como representante de Educación Infantil.

Dna. M<sup>a</sup> LUZ REY FERNÁNDEZ, como representante do 2º ciclo de Educación Primaria.

Dna. LEONOR FARIÑA, como representante do 1º ciclo de Educación Primaria.

Dna. CRISTINA GONZÁLEZ BREA, como representante do 3º ciclo de Educación Primaria.

Dna. MARÍA ISABEL TORRES QUELLE, directora e orientadora do centro.

Dna. ANDREA MARÍA LUSQUIÑOS REGUERA, como coordinadora do Equipo.

Procurarase que sempre que haxa representación no EDLG, de tódolos niveis educativos.

### **B. FUNCIONES**

As funcións principais do equipo EDLG, serán:

- Revisar este documento e asegurar o seu cumprimento, así como realizar a addenda anual
- Promover actividades de fomento do galego e da cultura de Galicia
- Realizar un proxecto e memoria co fin de acadar recursos económicos para subvencionar a realización das actividades propostas.
- Colaborar con outros equipos como Biblioteca, Tics, Actividades extraescolares e ESCOLAS UNESCO, no fomento da lingua galega.

## **9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

Os obxectivos anteriores estanse a desenvolver mediante as actividades que se describen a continuación:

### **1. FESTAS TRADICIONAIS**

Realizaremos as seguintes: Magosto e o Samaín, Entroido, Festas de Nadal e Día da Paz

*Obxectivo:* -Achegamento aos costumes populares de Galicia e da nosa bisbarra.

*Destinatarios:* Toda a comunidade escolar.

*Temporalización:* Magosto: En novembro

Festas de Nadal: En decembro

Día da Paz: Arredor do 30 de Xaneiro

Entroido: En febreiro.

### O MAGOSTO

Actividades variadas coma:

- Degustación de: froitos típicos do outono, sobremesas típicas.
- Exposición de froitos do outono, de cabazas...
- Xogos populares e tradicionais durante a festa do Magosto organizados polo alumnado de 6º de E.Primaria

### O SAMAÍN

- Realización dun folleto informativo sobre a orixe do samaín
- concurso de cabazas decoradas.
- Proxección de videos e películas.

### FESTA DO NADAL

Actividades:

- Visita do Apalpador.
- Concurso de postais.
- Audición e canto de panxoliñas a cantos de Reis.
- Decoración e adornos de Nadal.

### DÍA DA PAZ

Actividades:

- Creación dun mural conxunto sobre un persoeiro relevante para a cultura de Paz proposto polas Escolas Unesco.

### O ENTROIDO

Actividades:

- Degustación de sobremesas típicas desta época.
- Desfile de disfraces e semana de disfraces seguindo os mandatos do Cabanón.

- Queima e coplas do “CABANÓN”.

## **2. DÍA DE ROSALÍA , DIA DA POESÍA, CIENCIA EN GALEGO**

Actividades encamiñadas ao coñecemento da vida e obra de autores e autoras galegas relevantes en diferentes ámbitos do coñecemento.

## **3. MES DA LINGUA**

Actividades encamiñadas a coñecer o autor e a obra do persoeiro a que cada ano vai adicado o día das Letras Galegas, e a importancia da súa obra para a cultura galega.

- Exposición de murais adicados ao persoeiro coa finalidade de que o alumnado o coñeza.
- Realización dunha U.D. sobre o escritor, adaptada a cada nivel.
- Decoración do centro cun mural con información sobre o persoeiro.
- Xincana/concurso con pistas e retos sobre o persoeiro homenaxeado.

Actividades para fomentar a cultura e o folclore galego coma:

- Cantigas.
- Visita de artistas e escritores galegos.
- Lectura das familias de textos do persoeiro.
- Disfrute con bailes galegos. - Xogos tradicionais.
- Asistencia a unha representación teatral de monicreques.
- Coñecemento de instrumentos pertencentes ao folclore galego.
- Estudo dos maios como tradición.
- Proxección de películas e vídeos en galego....
- Participación no Correlingua se o profesorado o decide.
- Participación nas actividades propostas polo equipo de dinamización da lingua galega do Concello de Pontevedra

#### **4. EDICIÓN DA REVISTA ESCOLAR “ALCOUVE” COA RECOMPILACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.**

*Obxectivo:* Participación activa de todo o alumnado na elaboración dos textos: novas, artigos, pasatempos, ocupación de momentos de lecer, etc

*Destinatarios:* Todo o alumnado do centro.

*Temporalización:* Todo o curso.

#### **5. ENCONTROS CON ILUSTRADORES, AUTORES E CONTACONTOS**

Establecer contacto coas editoriais e distintos organismos para poder dispoñer da presenza destes para a semana das Letras Galegas e demais celebracións.

*Obxectivos:* Achegar ao alumnado á literatura oral. Dignificar a lingua propia nas comunicacións non cotiás.

*Destinatarios:* Alumnado de infantil e primeiro ciclo de primaria.

*Temporalización:* Todo o ano, e sobre todo no mes de maio.

#### **6. EMPREGO DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, FONOGRAFICO, AUDIOVISUAL E INFORMÁTICO.**

Coa intención de familiarizar ao alumnado no que atinxe ao fomento do uso da lingua galega, tanto a nivel escrito, como oral e informático.

*Obxectivos:* Potenciar a lingua galega con soportes escritos, audiovisuais e informáticos.

*Destinatarios:* Todo o alumnado do centro.

*Temporalización:* Todo o curso.

#### **7. UTILIZACIÓN DAS TICS**

Co emprego de internet, na páxina web do centro e outras páxinas, podemos atopar recursos para facer un uso didáctico deles, aparte de servirles como divertimento e motivación e material de traballo.

*Obxectivos*



- Emprego de novas tecnoloxías, as TICs, onde os alumnos e alumnas poñan en marcha estratexias de búsqueda, filtraxe, selección e estudo crítico de páxinas web en galego.
- Utilizar as TICs para buscar información e poder elaborar eles mesmos os seus traballos que serán recollidos na web do centro.
- Difundir na nosa web as actividades de fomento da lingua galega realizadas no noso centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.

*Destinatarios:* Toda a comunidade escolar.

*Temporalización:* Todo o curso.

## **10. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DO PRESENTE PROXECTO**

Este proxecto deberá formar parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) e foi elaborado de novo durante o curso 2019-2020

Cada curso realizarase unha addenda cos resultados das enquisas ás familias do alumnado de E Infantil e as modificacións do curso anterior.

## **11. AVALIACIÓN**

A avaliación será:

- Con respecto ao alumnado. Valorando o nivel de competencia lingüística acadado nas dúas linguas oficiais ao final de cada curso.
- Con respecto á situación lingüística do centro. Valorando que se cumpran os obxectivos propostos e fomentando e formando ao profesorado de ser necesario.
- Con respecto ao propio proxecto. O EDLG será o encargado de revisalo anualmente, formando dita valoración parte da memorial final do centro a final de curso, na que se farán as oportunas propostas cara o ano seguinte.